

Join

A orde **join** emprégase para crear un novo arquivo unindo dous arquivos existentes sobre a base dun campo clave que contén entradas comúns a ambos. É similar a **paste**, pero **join** compara as liñas do campo clave en vez de xuntalas simplemente. O campo clave aparece só unha vez na saída.

```
$ join precios descripcion > artigos
```

Por defecto, **join** emprega o primeiro campo de cada arquivo de entrada como campo común para a composición. Pódese empregar outros campos como campo común coa opción **-j**. A seguinte orde emprega o segundo campo do primeiro arquivo e o terceiro do segundo como campo de composición:

```
$ join -j1 2 -j2 3 precios descripcion > artigos
```

Por defecto, **join** trata calquera espazo en branco como separador de campo. Coa opción **-t** pódese cambiar o separador do campo.